#### **8(1732).-DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE D<sup>a</sup> MÓNICA GONZÁLEZ FRANCISCO POLAS INSTALACIÓNS DE CINCO KIOSCOS NAS PRAIAS. EXPTE. 503/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 17.12.04, o informe da interventora xeral do 21.12.04 e de acordo coa proposta do xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 29.12.04, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a D<sup>a</sup> Mónica González Francisco a fianza de 360,61 (5) euros, constituídas para responder das instalacións de cinco kioscos nas praias xa que o servizo foi prestado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

#### **9(1733).-ACEPTACIÓN DE DOAZÓN DE PARCELA DENOMINADA LAGOA PROPIEDAD DA ENTIDADE MERCANTIL MM TRANSCAR S.L. EXPTE. 16746/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Xeral, do 14.12.04, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *Código Civil.*
- *Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño (LCAP).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).*

#### **ANTECEDENTES:**

*Dona M<sup>a</sup> del Mar Comesaña Monsalbe, en calidade de administradora única da entidade mercantil “M.M. Transcar S.L.”, presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 13 de outubro de 2000,*

manifestando que a devandita entidade é propietaria da finca denominada “Lagoa”, de 1777 metros cadrados, sita no Barrio de Sanín, finca da que desexa segregarse 175 metros cadrados para doalos ó Concello de Vigo, para uso e disfrute dos veciños da Parroquia de Comesaña. Achega co escrito copia da escritura de constitución da entidade “M.M. Transcar S.L.” e da escritura de solemnización do acordo social de nomeamento de Dona M<sup>a</sup> del Mar Comesaña Monsalbe como administradora única da entidade e dos estatutos da mesma.

Recibida a solicitude, evacúanse os seguintes trámites:

- Informe da Oficina de Licencias da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 15 de abril de 2004, segundo o que a parcela en cuestión foi declarada indivisible na licenza de construción outorgada sobre a mesma, non e tanto, a superficie vinculada á edificación pode limitarse á edificabilidade consumida ou á parcela mínima esixible. Neste caso, dada a superficie construída, pode limitarse a indivisibilidade ós 500 metros cadrados de parcela mínima fixada pola Ordenanza de aplicación. En canto á segregación, a parcela segregada debe ser unida a outra para conformar a parcela mínima que deberá dispoñer dunha superficie mínima de 500 m<sup>2</sup>, cun ancho mínimo de 15 m<sup>2</sup> nalgún punto.
- Informe do Sr. Arquitecto da Oficina Técnica de Patrimonio, en data 28 de maio de 2004, manifestando que a parcela a ceder está anexa a propiedade municipal L00096. O valor da finca obxecto da doazón estímase en 7.000 €.
- Informe da Oficina de Participación Cidadá, en data 4 de xuño de 2004, que manifesta que tendo en conta a complementariedade que ofrece o terreo que se pretende doar en relación coa parcela municipal colindante considerase conveniente para os intereses municipais acceder a devandita doazón.
- Informe da Oficina de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 9 de xullo de 2004, achegando plano escala 1/250 da parcela obxecto de doazón así como da municipal lindante cuxa descripción é a seguinte:

*Parcela de doazón*

- Propietario: M.M. Transcar S.L.
- Dirección: Avenida Florida 69.3º
- Superficie: 160 m<sup>2</sup>
- Lindeiros: Norte –Eduardo Fernández Comesaña (ref. cat.0920404-01)
  - Sur – regato-rego da presa
  - Leste – mesma propiedade (M.M. Transcar S.L.)
  - Oeste – Eduardo Fernández Comesaña (ref. cat.0920404-01)

*Parcela municipal L.00096*

- Propietario: Concello de Vigo
- Superficie: 618 m<sup>2</sup>
- Lindeiros: Norte – rego da presa
  - Sur – camiño de servidume e terreos anexos ó centro cultural Nautilus
  - Leste – Evencio Costas Comesaña
  - Oeste – camiño de Sanín

E establece a configuración da parcela resultante da agrupación de ámbalas dúas do seguinte modo:

- Parcela: L.00096

- *Refencia catastral: 08205-01*
  - *Propietario: Concello de Vigo*
  - *Superficie: 778 m2*
  - *Lindeiros: Norte – rego da presa e Eduardo Fernández Comesaña*  
*Sur – camiño de servidume que separa do centro cultural Nautilus*  
*Leste – Evencio Costas Comesaña e M.M. Transcar S.L.*  
*Oeste – camiño Sanín*
- *Informe do Servizo de Vías e Obras, en data 6 de setembro de 2004, manifestando que por parte dese departamento non existe inconveniente algún a doazón pretendida.*
- *Informe da Intervención Xeral, en data 1 de decembro de 2004, declarando que a doazón está exenta de impostos.*

#### *FUNDAMENTOS DE DEREITO:*

*Primeiro.- As entidades locais, para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas respectivas competencias, teñen plena capacidade xurídica e de obrar para adquirir, poseer, reivindicar, permutar, gravar ou enaxenar toda clase de bens e dereitos (artigo 5 LBRL).*

*Segundo.- A doazón é un acto de liberalidade polo cal unha persoa dispoñe gratuitamente dunha cousa a favor de outra, que a acepta (artigo 618 Código Civil).*

*Terceiro.- O artigo 5.3 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, considera a doazón un contrato privado e consonte o artigo 9 da mesma lei “os contratos privados das Administracións públicas se rexirán en canto a su preparación e adxudicación, en defecto de normas administrativas específicas, pola presente lei e as súas disposicións de desenvolvemento e en canto ós seus efectos e extinción, polas normas de dereito privado.*

*Os contratos de compravenda, doazón, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmobles, propiedades incorporais e valores negociables se lles aplicarán, en primeiro lugar, en canto a súa preparación e adxudicación, as normas da lexislación patrimonial das correspondentes Administracións públicas”.*

*Cuarto.- Entre os modos de adquisición dos bens polas Administracións públicas atópase a doazón (artigo 15 LPAP, 271 LALG e 10 RBEL) e o ser ésta un modo de adquisición de bens a título gratuito non está suxeita a restricción algunha (artigos 12 RBEL e 273 LALG).*

*Quinto.- Se os bens se houberen adquirido baixo condición ou modalidade da súa afectación permanente a determinados destiños, entenderase cumprida e consumada cando durante trinta anos houberen servido o mesmo e aunque logo deixaran de estalo por circunstancias sobrevenidas de interese público (artigo 13 RBEL e 274 LALG).*

*Sexto.- Para que sexa válida a doazón de cousa inmovible, ha de facerse en escritura pública, expresándose nela individualmente os bens doados e o valor das cargas que deba facer o donatario. A aceptación poderá facerse na mesma escritura de doazón ou en outra separada; pero non surtirá efecto se non se fai en vida do doante. Feita en escritura separada, deberá notificarse a aceptación en forma auténtica o doante e anotarase esta dilixencia en ambas escrituras (artigo 633 Código Civil).*

*Séptimo.- Consorte o artigo 127.1.f da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local, corresponde a Xunta de Goberno Local a xestión, adquisición e a enaxenación do patrimonio.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo...*

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo xefe de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio.

### Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Aceptar a doazón de 160 metros cadrados da finca denominada “Lagoa”, sita no Barrio de Sanín, propiedade da entidade mercantil M.M. Transcar S.L. coa seguinte descrición, según consta no Informe da Oficina de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo e no plano de deslinde adxunto o mesmo, de data 9 de xullo de 2004:

Parcela de doazón

- Propietario: M.M. Transcar S.L.
- Superficie: 160 m2
- Lindeiros: Norte –Eduardo Fernández Comesaña (ref. cat.0920404-01)  
Sur – regato-rego da presa  
Leste – mesma propiedade (M.M. Transcar S.L.)  
Oeste – Eduardo Fernández Comesaña (ref. cat.0920404-01)

2º.- Proceder a formalización da doazón en escritura pública.

3º.- Agregar a parcela doada á parcela municipal L.00096.

4º.- Efectuar no Inventario Municipal de bens e dereitos a rectificación da parcela municipal L.00096 consonte a seguinte descrición:

- Parcela: L.00096
- Refencia catastral: 08205-01
- Propietario: Concello de Vigo
- Superficie: 778 m2
- Lindeiros: Norte – rego da presa e Eduardo Fernández Comesaña  
Sur – camiño de servidume que separa do centro cultural Nautilus  
Leste – Evencio Costas Comesaña e M.M. Transcar S.L.  
Oeste – camiño Sanín

5º.- Instar do Rexistrador da propiedade a inscrición rexistral da parcela de propiedade municipal L.00096, unha vez efectuada a correspondente rectificación no Inventario Municipal de bens e dereitos.

**10(1734).- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. ADOLFO AGULLA GALLEGO CONTRA RESOLUCIÓN DA**

**X.GOBERNO DESESTIMATORIA DE DEVOLUCIÓN DE TERREO SITO NA GRAN VÍA S/N INCLUÍDO NO INVENTARIO MUNICIPAL. EXPTE. 16843/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 15.12.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

*Don Adolfo Agulla Gallego presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 22 de novembro de 2004, interpoñendo recurso de reposición contra a Resolución da Xunta de Goberno Local de data 4 de outubro de 2004 na que se desestimaba a súa solicitude de devolución do terreo sito na Gran Vía s/n incluído no Inventario Municipal de bens e dereitos co nº de propiedade 000161.*

*O interesado, na súa alegación primeira, limítase a xustificar a propiedade do seu avó, José Agulla Bueses, sobre a finca cuxa devolución pretende, en base a uns recibos de contribucións especiais referidos á obra “Proxecto luminotécnico substitución e mellora da Gran Vía”, xirados polo Concello a súa tía Dona Rosa Agulla Leites en calidade de propietaria dun inmovible na rúa Gran Vía e xa aportados o expediente que non constitúen título de propiedade algún nin serven para xustificar a propiedade pretendida.*

*Na súa alegación segunda, Don Adolfo Agulla Gallego expón que, atendendo á localización da propiedade municipal nº 161, estima que parte da mesma está integrada polos terreos que foron expropiados ó seu causante, Don José Agulla Bueses, pero non aporta dato obxectivo algún que o xustifique baseándose unicamente nas súas suposicións.*

*Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“ Desestimar o recurso de reposición interposto por Don Adolfo Agulla Gallego mantendo firme a resolución impugnada, por non resultar desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron ”.*

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(1735).- RECLAMACIÓNS DE DANOS:**

a) **CARLOS LORENZO BOUZA. EXPTE. 13246/240. ESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 8.10.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, en relación coa reclamación de D. Carlos Lorenzo Bouza por danos producidos no seu vehículo ao meter unha roda nunha arqueta sen tapa; visto o informe favorable do Consello Consultivo do 2.12.04 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica, do 14.12.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Estimar a reclamación de D. Carlos Lorenzo Bouza, indemnizándolle na contía de 3.606, 07 euros, correspondente ao valor da reparación do vehículo de súa propiedade.

2º.- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo 33.l.i do devandito Regulamento.

b) JOSÉ GREGORIO ESTÉVEZ. EXPTE. 13834/240. ESTIMADA PARCIALMENTE.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 28.09.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, en relación coa reclamación de D. José Gregorio Estévez por danos persoais ocasionados por unha caída ao meter un pé nun burato ao carón dunha arqueta; visto o informe favorable do Consello Consultivo do 2.12.04 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica, do 14.12.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Estimar parcialemnte a reclamación de D. José Gregorio Estévez, indemnizándolle na cantidade de 2.998 €, correspondente á incapacidade temporal máis as secuelas derivadas do seu accidente.

2º.- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo 33.l.i do devandito Regulamento.

c) JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ MÉNDEZ. EXPTE. 15458/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 24.09.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, en relación coa reclamación de D. José Ramón Martínez Méndez por danos ocasionados por un accidente producido na avda. Atlantida a consecuencia do mal estado da calzada; visto o informe desfavorable do Consello Consultivo do 2.12.04 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica, do 14.12.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. José Ramón Martínez Méndez e indemnizalo coa cantidade de 2.341,46 €.

2º.- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo 33.l.i do devandito Regulamento.

d) PELAY-MUTUA SEGUROS Y REASEGUROS. EXPTE. 16498/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 29.10.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, en relación coa reclamación de Pelayo Mutua de Seguros y Reaseguros por danos ocasionados na motocicleta do seu asegurado D. Francisco Alvarez González ao caerlle ao chan, cando estaba estacionada, polo



afundimento do trípode sobre o que estaba apoiada no asfalto, como consecuencia do mal estado deste; visto o informe favorable do Consello Consultivo do 9.12.04 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica, do 17.12.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por Pelayo Mutua de Seguros y Reaseguros en representación do seu asegurado Don Francisco Alvarez González e indemnizarlle na contía de 1.328, 04 euros, correspondente ao valor da reparación da motocicleta propiedade de Don Francisco Alvarez González, máis os xuros legáis dende a data da reclamación (11.09.03) ata a data do pagamento.

2º.- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo 33.l.i do devandito Regulamento.

e) MANUELA DOMÍNGUEZ NOVOA. EXPTE. 15462/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 5.11.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, en relación coa reclamación de D<sup>a</sup>. Manuela Domínguez Novoa por danos persoais producidos por unha caída sufrida na rúa Alcalde Gregorio Espino a consecuencia do mal estado da beirarrúa; visto o informe favorable do Consello Consultivo do 16.12.04 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica, do 23.12.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Desestimar a reclamación de Dona Manuela Domínguez Novoa por non corresponder o Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, por no resultar probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público.

2º.- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo 33.l.i do devandito Regulamento.

f) ANGELES MILLOS CAMPOS. EXPTE. 5/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio, do 9.11.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, en relación coa reclamación de D. Angeles Millos Campos por danos persoais producidos por unha caída ao meter o pé nun oco das gradas existentes na urbanización Rivera Atienza pola falta dunha lousa; visto o informe favorable do Consello Consultivo do 17.12.04 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica, do 23.12.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Desestimar a reclamación de Dona Angeles Millos Campos por non corresponder o Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos por non estar probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público”.

2º.- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo 33.l.i do devandito Regulamento.

**12(1735).- TOMA DE COÑECEMENTO DO PASE A VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE MULTAS URBANÍSTICAS. EXPTE. 689/407.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe porposta do xefe dos Servicios Centrais do 1.12.04, conformado polo xerente da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

*A partir de xaneiro do ano 2000 os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.*

*Dende esa data existen multas impostas por este organismo que non foron ingresadas no período voluntario, polo que deben pasar á vía de constrinximento.*

*Así mesmo, cando as autoliquidacións das taxas pola concesión de licenzas de actividades e instalacións non son correctas, realízanse liquidacións complementarias que, en algúns casos, non son ingresadas no período voluntario, polo que tamén deben pasar á vía de constrinximento.*

*De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio”.*

*O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.*

*En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:*

*Quedar enterada das seguintes sancións urbanísticas e liquidacións complementarias de taxas que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:*

Sancións urbanísticas:

|    |                                                   |              |
|----|---------------------------------------------------|--------------|
| 1) | Angel González Pérez (NIF 35.267.717-T)           | 400,00 euros |
| 2) | José Carlos Rodríguez Estévez (NIF 36.055.785-L)  | 300,51 euros |
| 3) | Ceferino Fernández Fernández (NIF 36.045.866-J)   | 400,00 euros |
| 4) | Carmen Costas Comesaña (NIF 35.997.172-C)         | 700,00 euros |
| 5) | José Soto Otero (NIF 35.944.243-G)                | 120,00 euros |
| 6) | Felicitación Rodríguez Vázquez (NIF 76.671.103-M) | 400,00 euros |
| 7) | Eladio González Pérez (NIF 34.533.381-P)          | 500,00 euros |
| 8) | Amieiro, S.L. (NIF B-36.763.266)                  | 900,00 euros |
| 9) | José Luis Ambroa Ledo (NIF 36.016.675-D)          | 400,00 euros |

|     |                                                 |                 |
|-----|-------------------------------------------------|-----------------|
| 10) | Leonardo Comesaña Alonso (NIF 36.022.922-T)     | 350,00 euros    |
| 11) | Tamepel, S.L. (CIF B-36.872.166)                | 6.000,00 euros  |
| 12) | Corujauto, S.A. (CIF A-36.681.468)              | 700,00 euros    |
| 13) | Antonio Alonso Lago (NIF 35.856.309-E)          | 600,00 euros    |
| 14) | Mª Teresa Comesaña Magdalena (NIF 36.049.708-Z) | 600,00 euros    |
| 15) | Angel Macías Rodríguez (NIF 35.881.870-F)       | 400,00 euros    |
| 16) | José Francisco Vila Pérez (NIF 36.051.821-B)    | 600,00 euros    |
| 17) | Angel Pereira Gutiérrez (NIF 2500008-T)         | 600,00 euros    |
| 18) | Angeles Alonso Freiría (NIF 36.018.077-P)       | 400,00 euros    |
| 19) | Aurea Domonte Villar (NIF 35.815.227-H)         | 350,00 euros    |
| 20) | Gerardo Alvarez Muiños (NIF 35.976.247-S)       | 301,00 euros    |
| 21) | Jorge González Pérez (NIF 36.092.067-F)         | 600,00 euros    |
| 22) | Jorge González Pérez (NIF 36.092.067-F)         | 10.914,75 euros |
| 23) | Consuelo González Iglesias (NIF 35.844.838-M)   | 293,00 euros    |
| 24) | Lucila López Cortizo (NIF 15.159.704-J)         | 645,18 euros    |

*Liquidacións de taxas por licenzas de actividades:*

|    |                                                                   |                |
|----|-------------------------------------------------------------------|----------------|
| 1) | Angeles Pérez Ramilo (NIF 36.125.156-E)                           | 185,86 euros   |
| 2) | Pescados, Frigoríficos y Mariscos Albeda, S.L. (CIF B-36.900.007) | 4.227,37 euros |
| 3) | Actimpo, S.L. (NIF B-36.222.776)                                  | 131,08 euros   |
| 4) | Comega Vigo, S.L. (NIF B-36.688.588)                              | 185,71 euros   |
| 5) | Ebeltina Piñeiro Vila (NIF 36.108.324-A)                          | 493,43 euros   |

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada das anteditas sancións urbanísticas que se remitirán ao tesoreiro municipal para que se dicte a correspondente providencia de apremio.

**13(1736).- TOMA DE COÑECEMENTO DA EXECUCIÓN FORZOSA POR VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE COTAS DE URBANIZACIÓN NO POLÍGONO 1 DO PLAN PARCIAL DE SAMIL, FASE 1. EXPTE. 508/407.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe dos Servizos Centrais, do 22.10.04, conformado polo Xerente da Xerencia de municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

*En data 29/08/2002 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou:*

*"PRIMEIRO: Requirir ó departamento de "Recaudación Executiva" do Concello para que execute forzosamente as cotas de urbanización dos propietarios morosos do Polígono 1 do Plan Parcial de Samil, fase 1, de acordo co solicitado pola súa Xunta de Compensación, cos recargos e xuros de mora legalmente esixibles, finalizando co embargo e pública subhasta dos seus bens e dereitos se fose necesario. Dita débeda é a seguinte:*

| <u>Nome</u>                          | <u>Débeda</u>  | <u>Recargo 10%</u> | <u>Débeda total</u> |
|--------------------------------------|----------------|--------------------|---------------------|
| Jaime Delgado Riosoto                | 27.195,8 euros | 2.719,58 euros     | 29.915,38 e.        |
| R.Carlos Goberna García e esposa     | 31.589,2 euros | 3.158,92 euros     | 34.748,12 e.        |
| Hros. de Antonio Villaverde Martínez | 4.868,2 euros  | 486,82 euros       | 5.355,02 e.         |
| (...)"                               |                |                    |                     |

*Dito acordo foi recorrido en reposición polos interesados, desestimándose os recursos por Acordo do Consello da Xerencia de Urbanismo do 14/11/2002. D. Ramón Carlos Goberna García impugnou ese Acordo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso cont.-ad. 2/4269/2003, aínda sen resolver. Non consta a suspensión cautelar do acordo impugnado.*

*De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo "a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio". O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.*

*En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte ACORDO:*

*Tomar coñecemento da execución forzosa por vía de apremio das cotas de urbanización dos propietarios morosos do Polígono 1 do Plan Parcial de Samil, fase 1, cos recargos e xuros de mora legalmente esixibles, tal e como acordou o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no 29/08/2002, que se remite ó Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co precedente informe, toma coñecemento da execución forzosa por vía de apremio das cotas de urbanización dos propietarios morosos do Polígono 1 do Plan Parcial de Samil, fase 1, cos recargos e xuros de mora legalmente esixibles, tal e como acordou o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no 29/08/2002, que se remite ó Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **14(1737).- RECUPERACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO OCUPADO ILEGALMENTE COA INSTALACIÓN DE DOUS POSTOS DE VENDA DE FLORES. EXPTE. 70324/210.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 1.12.04, que di o seguinte:

- *A Policía Local informa en data 28 de outubro de 2004 que diante do centro comercial ALCAMPO na rúa Grove, existen uns postos de venda de flores. Un ocupado por Dª Purificación Gándara Miranda, con D.N.I*

35909945, que presenta unha solicitude de ampliación dun posto de venda de flores en 4 m<sup>2</sup> con entrada no Rexistro de data 25-10-04, para os días 28, 29 e 30 de outubro. A ocupante do outro posto, D<sup>a</sup> Josefa Vázquez Carballo con D.N.I 53177401, presenta solicitude de ampliación do posto de venda de flores en 3 m<sup>2</sup> para os días 29 e 30 de outubro.

- En data 29 de outubro de 2004, a Policía Local emite un novo informe con un contido similar.
- En data 23 de novembro de 2004 a Policía Local informa que, xirada nova visita de inspección comprobouse que D<sup>a</sup> Purificación Gándara Miranda presenta solicitude dende o ano 1998 ata a actualidade con data de finalización o 31 de decembro de 2004 e que D<sup>a</sup> Josefa Vázquez Carballo non acredita ningunha documentación.
- Comprobada a documentación obrante na area de Mobilidade e Seguridade, comprobouse o seguinte:

Figura unha solicitude de D<sup>a</sup> Purificación Gándara Miranda para instalar un posto de venda ambulante de flores na rúa Grove, dende o 1 de xaneiro de 2004 ata o 31 de decembro de 2004, ocupando unha superficie de 3m<sup>2</sup> e outra solicitude a nome da mesma persoa para instalar un posto de venda ambulante de flores en Alcampo Coya, na rúa Cambados o día 30 de abril e 2 de maio ocupando unha superficie de 3 m<sup>2</sup>.

En relación con D<sup>a</sup> Josefa Vázquez Carballo, figura unha solicitude para venda ambulante de flores na rúa Cambados, fronte a Alcampo, o día 30 de abril e o día 2 de maio de 3 m<sup>2</sup> e unha solicitude de data 28 de outubro de 2004 para instalar un posto de venda ambulante de flores na rúa Grove fronte ó supermercado Alcampo entre os días 29 e 30 de outubro ocupando unha superficie de 3 m<sup>2</sup>.

Non figura nos arquivos municipais ningunha autorización concedida a ningunha das titulares das solicitudes mencionadas.

Asímesmo e de conformidade coa documentación fotográfica unida ó expediente obtida en data 16 de novembro de 2004, ponse de manifesto que os citados postos de venda ambulante de flores atópanse ocupando a beirarrúa e situados diante dun paso de peóns entorpecendo a utilización do mesmo coa conseguinte peligrosidade que se deriva para os peóns ó ter que ocupar a calzada para poder acceder ó paso.

- De conformidade co disposto no Artigo 8 da Ordenanza reguladora de venda na vía pública e espazos abertos, a práctica de venda ambulante require autorización expresa do Concello, sin que no presente caso se teña constancia da concesión de tal autorización.
- Asímesmo, e no texto da citada Ordenanza, non se prevé a venda de flores na vía pública salvo en zonas concretas entre as cales non se atopa a rúa Grove nin a rúa Cambados.
- Considerando que de conformidade co disposto no art. 70 do vixente Regulamento de bens das entidades locais de data 13 de xuño de 1986, a administración poderá en calquer momento recuperar a posesión do dominio público ocupado ilegalmente.

#### Formúlase a seguinte PROPOSTA

- Iniciar expediente de recuperación do dominio público ocupado ilegalmente e carecendo da preceptiva licenza municipal por D<sup>a</sup>. Purificación Gándara Miranda con D.N.I. 35909945 e D<sup>a</sup> Josefa Vázquez Carballo con D.N.I 53177401, coa instalación de dous postos de venda de flores na rúa Grove esquina rúa Cambados, diante do hipermercado Alcampo, entorpecendo a libre circulación de peóns e co conseguinte risco que se deriva para a seguridade vial.
- Conceder a D<sup>a</sup> Purificación Gándara Miranda e a D<sup>a</sup> Josefa Vázquez Carballo trámite de audiencia durante un prazo de 10 días hábiles contados a partir da recepción da presente notificación para que formulen as alegacións que estimen pertinentes ó seu dereito.

### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **15(1738).- SOLICITUDE DA COMUNIDADE PARROQUIAL SAN PEDRO DE MATAMÁ DE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS NA HONRA DE SAN MAURO. EXPTE. 70431/210.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 30.12.04, a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR á COMUNIDADE PARROQUIAL SAN PEDRO DE MATAMÁ, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración da Romaría-Festa na honra de SAN MAURO os días 15 e 16 de xaneiro de 2005 na zona marcada e delimitada no plano que se achega, debendo delimitalo recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimismo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

- Horario máximo autorizado.....3:30 horas.
- Límite transmisión ruidos.....non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

#### **16(1739).- ASISTENCIA DA CONCELLERÍA DE TURISMO AS FEIRAS INTERNACIONAIS. EXPTE. 1592/104.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, do 5.01.05, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Turismo e Comercio e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autorizar a asistencia da Concellería de Turismo a

BOOT de Düsseldorf, que se celebrará do 15 ó 23 de xaneiro de 2005

BTL de Lisboa, que terá lugar do 19 ó 23 de xaneiro de 2005

FITUR 2004, que se celebra do 26 ó 30 de xaneiro e 2005

BIT de Milán, do 12 ó 15 de febreiro de 2005

ITB de Berlín, do 11 ó 15 de marzo de 2005

Salón do Emprendedor do Atlántico, do 21 ó 23 de xaneiro en Cotogrande

Campionato do Mundo de Saltos, do 10 ó 13 de febreiro en Cotogrande

Vigo Náutica Internacional, do 3 ó 6 de marzo en Cotogrande

2º.- Autorizar a seguinte relación de gastos con cargo ó presuposto prorrogado para o ano 2005, que se derivan da participación de Vigo nos oito evento:

|                                                                                                                                        |              |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|
| o Total reunións e conferencias, con cargo á partida 7510 22 60 600 (reunions e conferencias) do presuposto prorrogado para o ano 2005 | 51.950 euros |
| o Atencions protocolarias e representativas, con cargo a partida 7510 02260100 do presuposto prorrogado para o ano 2005                | 6.000 euros  |
| o Gastos de locomoción de asistencia a feiras, con cargo á partida 7510 2310000, do presuposto prorrogado para o ano 2005              | 8.000 euros  |
| o Dietas, con cargo á partida 7510 2300000, do presuposto prorrogado para o ano 2005                                                   | 3.800 euros  |
| o Dietas do persoal, con cargo á partida 7510 2300100, do presuposto prorrogado para o ano 2005                                        | 3.400 euros  |

o Gastos de transporte do material promocional, con cargo a partida 7510 2230000 (transporte a feiras), do presuposto prorrogado para o ano 2005

3.000 euros

3º.- Que os gastos de locomoción e dietas devengados da participación nos devanditos eventos, non quedarán suxeitos ó previsto no Real Decreto 236/88 e que serán sufragados na súa totalidade con cargo ós presupostos municipais, previa acreditación dos mesmos.

4º.- Que en consecuencia, se libre a xustificar a nome de Dna. Yolanda Aguiar Castro, con DNI nº 36076445-W a cantidade de 76.150 euros, que deberán ser ingresados na conta habilitada do Departamento de Turismo nº 2080 0000780040246105.

**17(1740).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DE SANEAMENTO EN VIGO. EXPTE 498/241.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Contratación, do 14.12.04, conformado polo xefe de Réxime Interior o concelleiro da Área de Servizos Xerais e a interventora xeral, que di o seguinte:

*O Concelleiro da Area de Servizos Xerais remite á oficina de Patrimonio e Contratación dous expedientes para a contratación da execución das obras de mellora de saneamento en Vigo.*

*Os proxectos técnicos foron aprobados por acordos do Pleno do Concello de Vigo de 18.01.2002 (mellora de saneamento en Zamáns) e Xunta de Goberno Local de 26.07.2004 (Automatización de instalacións de saneamento).*

*Pola oficina de contratación elaborouse o prego de condicións para a contratación da execución das obras polo procedemento de subhasta aberta, cumpLindo o devandito prego ás disposicións do Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas e o seu Regulamento xeral.*

*Acumúlase a tramitación dos expedientes nun só por tratarse de obras similares e conseguir así unha maior eficiencia na súa tramitación e un aforro nos custes de publicación de anuncios.*

*Por tratarse de un expediente anticipado de gasto, a execución do mesmo queda condicionada á existencia do crédito adecuado e suficiente para a execución do mesmo.*

*Por iso, e previos os informes do Sr. Secretario Xeral e da Sra. Interventora Xeral, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:*



1º Autoriza-lo gasto de 1.198.561,87 euros e 2.631.884,10 euros para a execución dos proxectos de mellora de saneamento que se relacionan a continuación :

a).- Automatización das instalacións de saneamento no concello de Vigo redactado polo enxeñeiro D. Casimiro Fontenla Bugallo para a empresa Esinpro, S.L.(nº de proxecto RRCU 009/2004 Expte 41632-250).

b).- Saneamento da Parroquia de Zamáns, redactado polo enxeñeiro D. Patricio Aguilar Cabanillas enxeñeiro D. Manuel de la Varga Fernández (expte 33638-250).

Por tratarse de un expediente anticipado de gasto, a execución do mesmo queda condicionada á existencia do crédito adecuado e suficiente para a execución do mesmo.

2º Aproba-lo prego de condicións administrativas para a contratación por concurso aberto dos proxectos de mellora de saneamento (expediente 498-241)

3º Convoca-lo concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Tamén se dá conta do informe da Comisión de Seguimento da EDAR do Lagares e Teis, que propón a modificación da cláusula 9 do prego de condicións, que di:

Os técnicos que subscriben como membros da “Comisión de seguemento da EDAR do Lagares e Teis”, en relación co asunto e no relativo ós criterios de selección que servirán para valorar as ofertas que concursen no citado proxecto, consideran convinte introducir nos mesmos as seguintes modificacións:

Criterio a) “Melloras”

Incrementar a valoración en 20 puntos. Co cal esta quedaría en 60 puntos.

Criterio c) “Prazo execución”

Non ter en conta este criterio a efectos de valoración por non considerarse prioritario este concepto e dado que ningún concursante cumpre os prazos ofertados, indicando o prazo máximo de execución que recolle o proxecto (6 meses), e si fose necesario penalizar a execución en prazos superiores.

Criterio d) “Reducción do prezo ofertado”

Proponse a valoración deste apartado coa mínima puntuación posible xa que como ben dí o Xefe do Servicio de Inversións no seu escrito de data 25/11/2004 “Calquera redución sobre o tipo de licitación supón unha perda de cofinanciación comunitaria”.

Valoración proposta 5 puntos

Criterio e) “Costes de seguemento e control de obra”

Proponse unha valoración de 5 puntos.

Criterio f) “Medios persoais e materiais adscritos”

Proponse unha valoración de 5 puntos.

Supoñendo o criterio b) “Aumento do prazo de garantía” correcto tanto na definición como na súa valoración.

## Acordo

A Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autoriza-lo gasto de 1.198.561,87 euros e 2.631.884,10 euros para a execución dos proxectos de mellora de saneamento que se relacionan a continuación :

a).- Automatización das instalacións de saneamento no concello de Vigo redactado polo enxeñeiro D. Casimiro Fontenla Bugallo para a empresa Esinpro, S.L.(nº de proxecto RRCU 009/2004 Expte 41632-250).

b).- Saneamento da Parroquia de Zamáns, redactado polo enxeñeiro D. Patricio Aguilar Cabanillas enxeñeiro D. Manuel de la Varga Fernández (expte 33638-250).

Por tratarse de un expediente anticipado de gasto, a execución do mesmo queda condicionada á existencia do crédito adecuado e suficiente para a execución do mesmo.

2º.- Aproba-lo prego de condicións administrativas para a contratación por concurso aberto dos proxectos de mellora de saneamento (expediente 498-241) coa modificación da cláusula novena do prego de condicións administrativas, que queda redactada de acordo co informe da Comisión de Seguimento da EDAR do Lagares e Teis.

3º.- Convoca-lo concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **18(1741).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e cuarenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.